



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de SETEMBRO de 2022 (1299/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno (Resolución do 19/09/2022), Sr. Riego Boluda.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(782).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(783).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 91/2022. EXPTE. 78/142.

Visto o informe de fiscalización de data 26/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 23/09/2022, asinado polo director superior contable e orzamentario e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

PROPOSTA

Asunto: Modificación de crédito financiada co recurso financeiro RLTGG/2021

Orixe do Remanente líquido de Tesourería: Liquidación do Orzamento do ano 2021

Orzamento de aplicación: Ano 2022

Modificación orzamentaria, nº: 91/2022

Expediente que fundamenta a modificación, nº: 78/142

Programa que xestiona os Empregos: Servizo de Educación

Modificación de crédito: Modalidade: Crédito Extraordinario.

Importe: 5.200.000,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

Antecedentes

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente coa memoria incluída.

Xustificación da modificación, pola responsable do servizo de Educación.

Empregos que xustifican a tramitación do expediente e a contía da modificación.

Xustificación

No transcurso do ano xurdiu unha situación imprevisible que está a ter efectos moi perversos na capacidade dos cidadás para afrontar as súas necesidades:

- a) A inflación, que está a alcanzar cifras que non se producían dende hai máis de 30 anos.
- b) Subida dos tipos de xuros que fan que as hipotecas se leven por diante un porcentaxe moi elevado das rendas.
- c) A inseguridade e inestabilidade que está a xerar toda esta situación na economía, na produción e polo tanto, no emprego.
- d) O prezo de custe dos subministros eléctricos, gas, carburantes.

Xustificación da insuficiencia de recursos para atender o emprego que se pretende.



Concello de Vigo

A finalidade do crédito extraordinario é a de facer fronte a un plan extraordinario-excepcional, non recorrente, de axudas ás familias con fillos escolarizados en ensinanza primaria e secundaria obrigatoria e educación especial.

Queda xustificada a inexistencia de crédito na bolsa de vinculación xurídica 3260.48.

Queda xustificado o carácter concreto e específico do gasto.

En canto á inaprazabilidade do gasto, o obxectivo é que as axudas se adxudiquen no ano 2022, que se corresponde co período no que as familias incorreron no gasto, sendo necesario facer a tramitación das mesmas no ano 2022.

Estamos pois nunha necesidade non aprazable ao ano 2023, sendo o obxectivo a súa concesión dentro do exercicio orzamentario do ano 2022.

Na memoria que xustifica a Resolución de inicio do expediente, abúndase na xustificación da tramitación do expediente.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 e texto consolidado do 20/09/2020 sobre delegación de competencias.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordos adoptados sobre a suspensión dos obxectivos das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020-2023 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

En todo caso, as EE.LL, deben ter como obxectivo, liquidar os Orzamentos do ano 2022 nunha senda de equilibrio, aínda que, este non é vinculante, sendo este un obxectivo de referencia.

Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2021.

REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DISPOÑIBLE		
Remanente Líquido de Tesourería da liquidación 2022	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		135.729.808,86
Modificación incorporación de remanentes, expediente 211/143	31.806.304,06	
Modificación de crédito en trámite, expediente 74/142	45.811.576,19	
Total remanente utilizado (B)	77.617.880,25	
Remanente dispoñible para outras finalidades (A-B)		58.111.928,61

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (91/2022), que está conformado da seguinte documentación:

Informe xustificativo do Servizo de Educación dá necesidade técnica e económica de dotar de financiamento unha aplicación orzamentaria por unha contía de 5.200.000,00 euros para afrontar un plan extraordinario-excepcional, non recorrente, de axudas ás familias con fillos escolarizados en ensinanza primaria e secundaria obrigatoria e educación especial, tendo dispoñibilidade de recursos financeiros para afrontar o emprego no recurso financeiro que conforma o RLTGG da Liquidación do ano 2021.

Informe da Tesourería e Dirección Orzamentaria sobre a situación da economía e o impacto que está a ter a espiral inflacionista e a subida dos carburantes, da electricidade e do gas na economía das familias e no seu poder adquisitivo, producíndose unha perda importante da clase media e un empobrecemento xeral das familias.



Concello de Vigo

A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, estando suspendidas no marco temporal 2020-2023, o resultado da Liquidación do Orzamento do ano 2022, non requirirá, calquera que sexa a contía do superávit/déficit e da evolución do gasto non financeiro, a tramitación e aprobación dun Plan Económico Financeiro. Non obstante, é un obxectivo manterse dentro das taxas de referencia aprobadas polo Goberno da Nación, no que se fixa para as Entidades Locais un obxectivo de equilibrio, que non é vinculante. En relación co anterior, achégase un proxecto de Liquidación do ano 2022.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2022 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Á vista da documentación contida no expediente, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 91/2022, Crédito Extraordinario correspondente ao expediente 78/142 por unha contía de 5.200.000,00 euros, para facer fronte ao plan extraordinario-excepcional, non recorrente, de axudas ás familias con fillos escolarizados en ensinanza primaria e secundaria obrigatoria e educación especial, para o que non existe crédito no orzamento do ano 2022, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada na memoria tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2021, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 91/2022.

Empregos		Recursos	
Aplicación	Importe	Concepto	Importe
3260.4800002	5.200.000,00	87000	5.200.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 78/142.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, o Servizo xestor poderá iniciar a tramitación do expediente administrativo de aplicación dos recursos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(784).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023” E INCLUSIÓN DE NOVAS ENTIDADES. EXPTE. 2837/611.

Visto o informe xurídico do 15/09/2022 e informe de fiscalización do 21/09/2022, dá-se conta do informe-proposta do 21/09/2022, asinado pola adxunto á xefatura de Deportes, o xefe do Servizo e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 30 de agosto de 2019 prestou a probación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2019-2023” as bases de selección de proxectos, e o Convenio marco de colaboración (expediente número 2837/611)



Concello de Vigo

Ao abeiro de dito programa foron seleccionadas 57 entidades (expte 2837/611) procedendo en data 30.09. 2019 a formalización dos convenios coas seguintes entidades

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF	Expediente
R.C. CELTA ATLETISMO	G-36945319	5224-611
COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	5246-611
BADMINTÓN CIES	G-36827418	5218-611
CLUBE AL COMPAS	G-27711597	5213-611
CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	5236-611
CLUBE DEPORTIVO BOSCO	G-36692317	5220-611
CLUB AMFIV	G-36711380	5238-611
CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL	G-36948115	5215-611
CLUB BALONMÁN RECONQUISTA VIGO	G-27871375	5237-611
UNIÓN BALONMANO LAVADORES	G-36810075	5230-611
CARBALLAL	G-36686376	5214-611
GALICIA SOCIAL	G-36622934	5225-611
CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	5234-611
CLUB ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	G-36869873	5216-611
CLUB POLIDEPORTIVO ALERTA NAVIA	G-36649283	5231-611
INDEPENDIENTE C.F	G-36710416	5232-611
U.D . SANTA MARIÑA	G-36628774	5262-611
BALAIOS C.F.	G-36737724	5221-611
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	5264-611
ARENAS DE ALCABRE	G-36823912	5251-611
ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	5256-611
MOSTEIRO B EMBRIVE F.S.	G-36886422	5226-611
PECHECHES F.S.	G-27778521	5253-611
PASOS DE BAILE	G-27750371	5222-611
TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G-36680239	5250-611
ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE	G-36684850	5223-611
CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED	G-36571123	5260-611
FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO	G-15109267	5263-611

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF	Expediente
KARATE CLUB TRAVIESAS	G-36847952	5274-611
KAYAK VIGO	G-36978559	5243-611
CLUB DE LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	5258-611
CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO	G-36955565	5241-611
CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICA DE VIGO	G-36645091	5249-611
CLUB CASTRELOS PAT. ARTISTICA	G-36811974	5242-611
CLUB PATÍN VAGALUME	G-36982304	5245-611
CLUB PATINAXE ARTISTICA CORUXO	G-27865831	5228-611
PATINAXE BALAÍDOS	G-27846864	5254-611
CLUBE FREESTYLE	G-27722305	5240-611
PIRAGÜISMO OLIVICO	G-27822006	5247-611
REMO VIGO	G27852896	5261-611
VIGO RUGBY CLUB	G-36680924	5235-611
CIES SQUASH	G-27869437	5229-611
CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812	5244-611
A.D. BUDO CASTRELOS	G-36680106	5219-611
FEDERACION GALLEGA DE TENIS	G-15102767	5233-611
ILLAS CIES TENIS DE MESA	G-27849090	5239-611
CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	5252-611
CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO	G-27730597	5217-611
CLUB VIGO VOLEIBOL	G-36658219	5257-611
CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS	G-36713493	5255-611
AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADREZ	G-36918464	5265-611
CLUB FLIC-FLAC	G-36931582	5259-611
CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	5248-611
CLUB MANIOTAS	G-36684819	5227-611
CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FÚTBOL SALA	G-27726835	5268-611
ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G-27808575	5269-611
CLUB CÍOS VIGO	G-36795680	5271-611
TREBOADA F.C. SAN SALVADOR	G-36645075	5272-611
CLUB INDALO PATINAXE ARTÍSTICO	G-16794968	5270-611



Concello de Vigo

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF	Expediente
CLUB DEPORTIVO DELIKIA	G-67788828	5266-611
CLUB DE ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G-36888543	5267-611

As entidades deportivas que solicitan a renovación do convenio son R.C. CELTA ATLETISMO (G-36945319), COMESAÑA SPORTING CLUB (G-36645257), BÁDMINTON CIES (G-36827418), CLUBE AL COMPÁS (G-27711597), CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL (G-36942142), CLUB DEPORTIVO BOSCO (G-36692317), CLUB AMFIV (G-36711380), CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL (G-36948115), CLUB RECONQUISTA (G-27871375), UNIÓN BALONMANO LAVADORES (G-36810075), CARBALLAL (G-36686376), GALICIA SOCIAL (G-36622934), CLUB CICLISTA VIGUES (G-36650885), CLUB ESGRIMA EL OLIVO (G-36869873) CLUB POLI-DEPORTIVO ALERTANAVIA (G-36649283), INDEPENDIENTE C.F (G-36710416), U.D . SANTA MARIÑA (G-36628774), BALAIDOS C.F. (G-36737724), CLUB SAN ROQUE CASABLANCA (G-36763084), ARENAS DE ALCABRE (G-36823912), ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO (G-27808575), CLUB CÍOS VIGO (G-36795680), TREBOADA F.C. SAN SALVADOR (G-36645075), ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 (G36982239), MOSTEIRO BEMBRIVE (V-36886422), PECHECHES F.S. (G27778521), CLUB DEPORTIVO IES CORUXO FÚTBOL SALA (27726835), PASOS DE BAILE (G27750371), HOCKEY CLUB TRAVIESAS (G-36680239), ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE (G-36684850), CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED (G-36571123), FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO (G-15109267), KARATE CLUB TRAVIESAS (G-36847952) KAYAK VIGO (G-36978559), CLUB DE LOITA SAN IGNACIO (G-36708303), CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO (G-36955565), CLUB CARPA (G-36645091), CLUB CASTRELOS PAT. ARTISTICA (G-36811974), CLUBE VAGALUME (G-36982304), CLUB PATINAXE ARTISTICA CORUXO (G-27865831), PATINAXE BALAÍDOS (G27846864), CLUBE FREESTYLE (G27722305), PIRAGÜISMO OLIVICO (G-27822006), REMO VIGO (G27852896), VIGO RUGBY (G-36680924), CIES SQUASH (G-27869437), CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO (G-27763812), A.D. BUDO CASTRELOS (G-36680106), FEDERACION GALLEGA DE TENIS (G-15102767), ILLAS CIES TENIS DE MESA (G-27849090), CLUB ARQUEROS NITO RUIZ (G-36807881), CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO (G-27730597), CLUB VIGO VOLEIBOL (G-36658219), CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS (G-36713493), AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADREZ (G-36918464), CLUB FLIC-FLAC (G-36931582), CLUB SIEIRO (G-36846608), CLUB MANIOTAS (G-36684819).

As entidades deportivas que solicitan a inclusión no Programa municipal de escolas deportivas son CLUB INDALO PATINAXE ARTÍSTICO (G-16794968), CLUB DEPORTIVO DELIKIA (G-67788828), CLUB ESGRIMA CIUDAD DE VIGO (G-36888543)

Tal e como se establece en cada convenio asinado na cláusula décimo novena poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.

Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

Os convenios asináronse por cada unha das entidades e a Concellería de Deportes en data do 31 de setembro de 2019, día a partir do cal comezou a súa vixencia.

A 1º prórroga aprobouse na xunta de goberno local do 2 de Outubro de 2020.

A 2º prórroga aprobouse na xunta de goberno local do 30 de Setembro de 2021.

Consta por rexistro electrónico, escrito das entidades solicitando a colaboración e renovación para o Programa Municipal de Escolas Deportivas no ano 2022-2023, no que sería a 3º e derradeira prórroga deste Programa.

Realizarase un convenio por 1 ano de duración para as entidades que solicitan a inclusión no Programa Municipal de Escolas deportivas neste derradeiro ano de programa.

Fundamentos de dereito

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración cas entidades deportivas, da cumprimento o marco establecido respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Así mesmo, tanto as entidades deportivas como as federacións aportan unha estrutura consolidada que soamente elas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicións deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorías base.

O Concello de Vigo e as Entidades deportivas teñen por obxecto o desenvolvemento e promoción das modalidades deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispoñendo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento do Programa Municipal de escolas deportivas, actividades formativas e as competicións, considerase procedente establecer un marco de colaboración entre ambas partes que regule as actuacións comúns precisas para a súa organización.

Por outra banda, o réxime xurídico aplicable ó convenio que os ocupa ao tempo da súa subscripción, constituído art. 48 e ss da lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, art. 86 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública.



Concello de Vigo

Asi mesmo, o presente convenio queda excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Polo exposto, non se observa impedimento legal na prórroga do citado convenio de colaboración que deberá adoptarse antes do inicio do curso 2022-2023 o vindeiro 1 de Outubro de 2022.

É competente para a aprobación da prórroga do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. Ó órgano competente para a adopción do acordo de prórroga é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades atribuídas por Resolución da Alcalde de data 17.08.2020 e materia de aprobación de convenios de colaboración.

O financiamento previsto de esta derradeira prórroga realízase con cargo a partida 3420.226.09.01 de “escolas deportivas” é de 388.225,00 €, e na partida 3420.224.00.01 de “seguros de escolas deportivas” é de 50.000,00 €, un total de 438.225,00 €. A previsión de gasto do Programa 2022-2023 nos presupostos de 2022 e nos presupostos de 2023 estímase en:

		ORZAMENTO 2022	
Programa Municipal 2021-2022	Convenios: Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril Maio 2022:	167.421,86 €	
	Gastos Xerais: Publicidade, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril/ Maio/Xuño/ Xullo/Agosto/Setembro de 2022.	36.104,89 €	
Programa Municipal 2022-2023	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/ Novembro/Décembro 2022:	<u>84.244,74€</u>	
	Período: Outubro/ Novembro/ Decembro 2022:	<u>100.453,12 €</u>	
	Período: Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril Maio 2023		<u>170.770,30 €</u>
	Gastos Xerais: Publicidade, asistencia técnica, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril/ Maio/Xuño/ Xullo/Agosto/Setembro de 2023.		<u>36.826,98 €</u>
Programa Municipal 2023-2024	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/Novembro/Décembro 2022:		85.929,64 €
	Período: Outubro, Novembro, Marzo 2022		102.462,18 €
	TOTAL	388.224,61 €	395.989,10 € *

*Importe en RCFUT1 con data 12/8/2019, con número de operación 201900057860, coa retención de créditos exercicios posteriores.

** A inclusión das tres novas entidades deportivas no Programa non xenera gasto a maiores, financiándose con cargo a operación contable 201900057860, polo que existe crédito necesario e suficiente.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar a terceira e derradeira prórroga por un ano, dende o 1 de Outubro de 2022 ata o 30 de Setembro de 2023, do convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades que estableceron un marco de colaboración mutua, que aparece no anexo I deste informe, para o desenvolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas “Achégate ao deporte 2019-2023” aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de Agosto de 2019, e asinado por todas as entidades deportivas o 30 de Setembro de 2019.

Segundo.- Aprobar a inclusión das entidades deportivas Club Indalo Patinaxe Artístico (G-16794968), Club Deportivo Delikia (G-67788828), Club Esgrima Ciudad de Vigo (G-36888543) dentro do convenio de colaboración mutua coa a Concellería de Deportes para o desenvolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas “Achégate ao deporte 2019-2023” aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de Agosto de 2019.

Terceiro.- Aprobar o gasto previsto de esta terceira e derradeira prórroga, e do novo convenio, que se realiza con cargo a partida 3420.226.09.01 por importe de 100.453,12 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro e de gastos xerais nos meses de Outubro, Novembro e Decembro 2022 por importe de 84.244,74 € no orzamento de 2022, e por importe de 170.770,30 € para os convenios dos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio de 2023 e gastos xerais nos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto e Setembro de 2023 por importe de 36.826,98 € con cargo a partida 3420.226.09.01 no presuposto de 2023.

Cuarto.- Aprobar o texto da adenda de prórroga do Convenio de colaboración (anexo I) para o desenvolvemento do “Programa municipal Achégate ao deporte 2019-2021” que se asinará coas entidades deportivas: R.C. CELTA ATLETISMO (G-36945319), COMESAÑA SPORTING CLUB (G-36645257) AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (G-36645109), BADMINTÓN CIES (G-36827418), CLUB AL COMPAS (G-27711597), CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL (G-36942142), CLUBE DEPORTIVO BOSCO (G-36692317), CLUB AMFIV (G-36711380), CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL (G-36948115), CLUB RECONQUISTA (G-27871375), UNIÓN BALONMANO LAVADORES (G-36810075), CARBALLAL (G-36686376), GALICIA SOCIAL (G-36622934), CLUB CICLISTA VIGUES (G-36650885), CLUB ESGRIMA EL OLIVO (G-36869873) CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA (G-36649283), INDEPENDIENTE C.F (G-36710416), U.D. SANTA MARIÑA (G-36628774), BALAIOS C.F. (G-36737724), CLUB SAN ROQUE CASABLANCA (G-36763084), ARENAS DE ALCABRE (G-36823912), ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 (G36982239), MOSTEIRO BEMBRIVE (G-36886422), PECHES F.S. (G27778521), PASOS DE BAILE (G27750371), HOCKEY CLUB TRAVIASAS (G-36680239), ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE (G-36684850), CLUBE VIEJA ES-



Concello de Vigo

CUELA ROLLER BLUE RINGED (G-36571123), FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO (G-15109267), KARATE CLUB TRAVIESAS (G-36847952) KAYAK VIGO (G-36978559), CLUB DE LOITA SAN IGNACIO (G-36708303), CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO (G-36955565), CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICO VIGO (G-36645091), CLUB CASTRELOS PAT. ARTÍSTICA (G-36811974), CLUB PATÍN VAGALUME (G-36982304), CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO (G-27865831), PATINAXE BALAIÓDOS (G27846864), CLUBE FREESTYLE (G27722305), PIRAGÜISMO OLIVICO (G-27822006), REMO VIGO (G27852896), VIGO RUGBY (G-36680924), CIES SQUASH (G-27869437), CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO (G-27763812), A.D. BUDO CASTRELOS (G-36680106), FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS (G-15102767), ILLAS CÍES TENIS DE MESA (G-27849090), CLUB ARQUEROS NITO RUIZ (G-36807881), CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO (G-27730597), CLUB VIGO VOLEIBOL (G-36658219), CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS (G-36713493), AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADRÉZ (G-36918464), CLUB FLIC-FLAC (G-36931582), CLUB SIEIRO (G-36846608), CLUB MANIOTAS (G-36684819).

Quinto.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración (anexo 2) para o desenvolvemento do “Programa municipal Achégate ao deporte 2019-2023” que se asinará coas entidades deportivas: CLUB INDALO PATINAXE ARTÍSTICO (G-16794968), CLUB DEPORTIVO DELIKIA (G-67788828), CLUB ESGRIMA CIUDAD DE VIGO (G-36888543)

Sexto.- Facultar ao concelleiro de deportes á formalización do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretario dou fe.

JRB/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez